



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de novembro de 2012, adoptou o seguinte acordo:

18.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REURBANIZACIÓN DE ESPAZOS INTERIORES NO ANTIGO GRUPO DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NAS RÚAS BUEU, MOAÑA, VILAGARCÍA E CAMIÑO DA RAPOSA NO POLÍGONO DE COIA. EXPTE. 12639/411.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 31.10.2012, conformado polo xefe do servizo de Desenvolvemento Urbanístico, e co ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 9.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o «Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reurbanización de espazos interiores no antigo grupo de 502 vivendas de promoción pública nas rúas Bueu, Moaña, Vilagarcía e camiño da Raposa, no polígono de Coia,», promovida polo IGVS e redactado pola arquitecta D^a Cristina Cameselle Solá con datas novembro 2010 e xullo 2012.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia.

TERCEIRO: Acordar, de acordo co artigo 77.2 da LOUGA, a suspensión de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación, significando que o mesmo confórmase polas edificacións sitas na rúas Moaña cos nº 2 a 32 e Bueu aos nº 1 a 46 e correspondentes espazos interiores, segundo a delimitación que reflicte o plano catastral INF-03, asinado pola arquitecta D^a. Cristina Cameselle Solán en novembro 2010, escala 1:1000, (Tomo "Planos" do referido Plan Especial) que será, así mesmo, obxecto da publicación referida no apartado segundo deste acordo.

CUARTO: Publicar este acordo, xunto cos documentos integrantes do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reurbanización de espazos interiores no antigo grupo de 502 vivendas de promoción pública nas rúas Bueu, Moaña, Vilagarcía e camiño da Raposa, no polígono de Coia, na web do Concello de Vigo.

QUINTO: Notificar o presente acordo individualmente, na forma prevista nos artigos 58 e 59 da LRXAP-PAC, a todas as persoas propietarias dos terreos afectados que figuren como titulares no catastro e, así mesmo, ao IGVS coa indicación expresa, en ambos casos, de que ao tratarse dun mero acto de trámite non é susceptible de recurso.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dezanove de novembro do ano dous mil doce.

am

V. e Pr.
O ALCALDE

Abel Caballero Alvarez.

